

No bico do valado

Levaban máis de douscentos anos de amizade. En realidade, había tempo que perderan a conta de cando se coñeceran. Non obstante, sabían como fora. Naceran na chousa do José do Formosendo no lugar do Rañal na parroquia vilalbesa de Árbol. Aínda se rindo cando lembran aquela noite do mes de outono. Estaban en proceso de ser quen son agora.

Había dous días que se desprenderan do pai e caeran o chan. Uns sete xabarís entraron na chousa do Formosendo na busca de alimento. Unha das nosas amigas (posteriormente pertencerán o xénero masculino debido a indiferenza coa que leva o tema dos sexos a natureza) recórdase como a pata traseira dun xabaril a deixou tocada durante uns días. A outra colega aínda sente hoxe o alento daquel porco bravo que tragou a varias das súas irmás.

Daquela eran unhas landras que conforme foi quecendo o tempo, xa ben entrado febreiro, comezaron a xermolar e botar raíz no sitio no que caeran por primeira vez. Tan só cambiaron de lugar o día que o Ramón da Casumira e o José do Formosendo decidiron transplantalos. Colocáronos na entrada do camiño que vai a Muleriña. Xusto no bico do valado, no recanto de cadanseus leiros. Daquela os nosos protagonistas xa formaban parte do xénero masculino e chamábaselles carballos.

Foron medrando lentamente. Nunca asistiron á escola, pero todos os días aprendían novas leccións. Escoitaban á xente e facían amigos. O carballo do Ramón da Casumira lembra con tristura algúns deles. A Marela era a súa preferida. Durante moitos anos a

vaca cozábase na casca do seu tronco cando cansaba de pacer polo cómaro. O Ramón botaba na leira trigo, patacas ou o que fose e deixaba o cómaro para que pacesen as súas vacas. Alí dábase de todo, non había cultivo cativo. A Marela e o carballo dos Casumira falaban da vida e criticaban o mundo. Tamén se recorda a nosa árbore da anduriña Pinta máis do seu home que sempre facían o niño nunha das súas pólas. A Pinta prefería o carballo dos Casumira porque, así, o do Formosendo abrigábaos do vento do nordés.

O carballo do José do Formosendo era máis amigo da xente. Recorda con morriña como as persoas lles agradecían a sombra que daban nos calorosos días de verán.

- Hai estes carballiños dannos a vida - dicían os veciños -.

Tamén cando a xente se abrigaba baixo deles nos primeiros trebóns do inverno. Ou cando o dono lle sacaba algunha póla para facer lume e deixar que lle medraran o resto.

- Vaia tempos - dixo o do José do Formosendo -. Agora todo cambiou.

Dende hai varios anos estes dous carballos estreitaron máis a súa relación persoal. Na actualidade, tócanse cas follas e mesmo se enfadan, de vez en cando, porque un di que o outro lle quita luz solar e viceversa.

-Non recordo a última vez que me podaron – comenta o da Casumira -. ¿Imaxínate como se sentiría un home que leva trinta anos sen cortar o pelo? Pois así me sinto eu. E non é só iso. Isto cambiou de xeito radical. “As Marelas” non pacen por aquí. Xa non se ve pasar unha alma polo camiño. Antes había aquí un tráfico de carros, vacas e xente que pouco lle envexaría a entrada de calquera cidade importante. “¿Pa onde vas Rubia?” dicía o Pedro da Caxigueira cando a vaca que levaba de guía non se lle metía polo camiño.

- Agora comezamos a coller relación coas silvas e coas xestas – comentou o carballo dos do Formosendo -. Cobren todo o que antes era o camiño, leiras, chousas e demais pezas de terra. Apenas vemos xente. Se cadra algún domingo ao lonxe aparecen algúns humanos nuns coches equipados e luxosos. Non obstante, raramente se apean. Aínda que o outro día un si o fixo. Penso que naquel intre perdín vinte ou trinta follas do susto. Chegou nun coche branco. Segundo se baixou do automóbil recoñecino. Era o bisneto do José do Formosendo, o Antón que viña acompañado, do que supuxen, sería o seu fillo. O seu bisavó, en parte, dérame a vida.

Naquel momento, acordeime de cando o Antón subía polo meu tronco ata chegar a última póla. Sorprendeume a súa visita. Non me dixo nada. Aínda que cando escoitei as palabras que pronunciou en alto desexei con todas as miñas raíces que viñese unha cicloxénese e me levase por diante.

- Mira fillo estas terras son as que me deixou teu avó. Levan uns anos abandonadas, pero imos sacarles algo de proveito. Xa encarguei cincocentos eucaliptos no viveiro e para a semana veñen plantalos. Díxome o madeireiro que en dez anos estaban para cortar e xa se podía plantar outra fornada deles. Páganos moi ben. Penso que é un bo negocio. Non coma estas árbores que ves aquí. Nin medran nin che dan nada por elas – comentou o Antón -.

O carballo dos da Casumira fíxolle un sinal o seu amigo abaneándolle unha póla.

- Vaia desgraza meu. A xente quere acabar con todo. Non se lembran do que os seus antepasados traballaron e loitaron para que eles estean hoxe aquí. Canto gastarán en libros de historia e coñecemento para os cativos e mira todo o que lle podíamos ensinar nós sen gastar un peso. Con contemplar a vida e escoitar a xente sabemos moito máis do

que poida aparecer en calquera libro. Pero falta que nos escoiten e nos dean valor. Non valor de cartos, senón que nos teñan aprecio e nos respecten. Por nós e por todo o resto de monumentos naturais que convivimos na contorna. Eu aínda non perdo a esperanza, pero a saber que será de nós.

- Xaora camarada, pero aquí manda “don Diñeiro”. E xa sabes na Terra Chá pita que non pon o 2 ou o 22 mándana para Rábade – concluíu o carballo do José do Formosendo -.